



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 304/2016** No. 2551  
**MODIFICACIÓN BASES DE SELECCIÓN SOCORRISTAS 2016**

Dadas as bases de selección de tres socorristas de data 02/06/16.

Dada das modificacións das citadas bases, de datas 13/06/16 e 22/06/16.

Dada conta da oferta de emprego inicial e da ampliación urxente da oferta, de data 22 de xuño de 2016.

Dada conta da resolución de alcaldía de data 28 de xuño do presente ano, pola que resultaron admitidos só dous candidatos, sendo a oferta de emprego de tres, e pola que se resolvía unha nova a ampliación urxente da oferta de emprego ante a Oficina de emprego Pontevedra- Bisbarra, a fin de que os/as tres socorristas inicien o servizo o 01/07/16 para que o Concello non perda a bandeira azul.

Dado que o proceso de selección dos candidatos admitidos mediante dita resolución segue o seu curso, realizando o exame e a proba práctica o día de hoxe.

Dado que, para o/a terceiro/a candidato/a a socorrista, que pertenza ao novo listado que achegue hoxe a oficina de emprego, non existe tempo suficiente para seguir o procedemento de selección establecido na base Quinta das bases de selección, considérase que o procedemento de selección deste/a último/a debería levarse a cabo en base á seguinte base:

**Quinta. - PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.-**

*As bases da selección publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.*

*Tal e como establece o artigo 12.3 da Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello presentará a oferta de emprego na oficina de emprego correspondente facendo referencia os requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contraten ó abeiro da citada Orde, e que veñen establecidos na mesma.*

*Tal e como establece o artigo 12.4, será a oficina de emprego correspondente a encargada de realizar a sondaxe en función dos requisitos establecidos na oferta, sendo, ésta a responsable de que todos/as e cada un/ha dos/as candidatos/as cumpran os mesmos.*

*Sen prexuízo de que poda empregar outro medio de comunicación adicional, o Concello notificará ós candidatos a súa inclusión na relación remitida pola oficina de Emprego de Pontevedra, mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.*

*Os candidatos que figuren na relación remitida pola oficina de emprego terán de prazo ata as 11:30 horas do día 30 de xuño do presente ano, para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo así coma a documentación xustificativa da titularidade e méritos ó concello podendo empregar as diferentes vías existentes; entendendo que desisten de participar aqueles que non presenten documentación.*

*A partir das 11:30 horas, realizarase o exame e a proba práctica aos/ás candidatos/as que cumpran cos requisitos establecidos na base Terceira das bases de selección.*

*Ese mesmo día o tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación dos/as aspirantes que obtivera maior cualificación total sen exceder do número de postos de traballo.*

*En caso de empate ao artigo 12.5 da Orde do 29 de decembro de 2015.*

*Ese mesmo día publicarase a resolución de alcaldía dos/as seleccionados/as.*

*O resto dos/as candidatos/as formarán parte da lista de reserva ordeados/as segundo a puntuación final acadada.*

Dada conta do artigo 105-2) "Revocación de actos e rectificación de erros", da Lei 30/1992, que establece que as Administracións Públicas poderán, asemesmo, rectificar en calquera momento, de oficio e a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, **DISPOÑO:**

**Primeiro.-** Rectificar as bases de selección de tres socorristas de data 02/06/16, de forma que a base Quinta dicte o seguinte:

Quinta.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

*As bases da selección publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.*

*Tal e como establece o artigo 12.3 da Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello presentará a oferta de emprego na oficina de emprego correspondente facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contraten ó abeiro da citada Orde, e que veñen establecidos na mesma.*

*Tal e como establece o artigo 12.4, será a oficina de emprego correspondente a encargada de realizar a sondaxe en función dos requisitos establecidos na oferta, sendo, ésta a responsable de que todos/as e cada un/ha dos/as candidatos/as cumpran os mesmos.*

*Sen prexuízo de que poda empregar outro medio de comunicación adicional, o Concello notificará ós candidatos a súa inclusión na relación remitida pola oficina de Emprego de Pontevedra, mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.*

*Os candidatos que figuren na relación remitida pola oficina de emprego terán de prazo ata as 11:30 horas do día 30 de xuño do presente ano, para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo así coma a documentación xustificativa da titularidade e méritos ó concello podendo empregar as diferentes vías existentes; entendendo que desisten de participar aqueles que non presenten documentación.*

*A partir das 11:30 horas, realizarase o exame e a proba práctica aos/ás candidatos/as que cumpran cos requisitos establecidos na base Terceira das bases de selección.*

*Ese mesmo día o tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación dos/as aspirantes que obtivera maior cualificación total sen exceder do número de postos de traballo.*





CONCELLO DE PONTE CALDELAS

*En caso de empate ao artigo 12.5 da Orde do 29 de decembro de 2015.*

*Ese mesmo día publicarase a resolución de alcaldía dos/as seleccionados/as.*

*O resto dos/as candidatos/as formarán parte da lista de reserva ordeados/as segundo a puntuación final acadada.*

**Segundo.-** Que se proceda a publicar esta resolución na páxina web ([www.pontecaldelas.org](http://www.pontecaldelas.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Ponte Caldelas, a 29 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo. Andrés Díaz Sobral



A Secretaria Accidental,

Asdo. Ina Fernández Peón



